



XUNTA
DE GALICIA

PROXECTO
ABALAR

Instalación Abalinux 11.1 simplificada





ÍNDICE

- 1.Introducción
- 2.Instalación equipos BIOS
- 3.Instalación equipos UEFI



Introducción


Este manual, trata de simplificar a explicación da instalación da maqueta libre Abalinux 11.1. Para instalacións completas ou personalizadas, pregase recurrir ó manual xenérico.

Importante!


Antes de instalar a maqueta, hai que ter presente en que equipo a imos instalar. Pode ser **BIOS** ou **UEFI**.

Instalación equipos BIOS

1. Acender o computador coa opción de arranque dende USB de primeira opción.
2. Executar a aplicación de instalación do sistema, que se encontra en: **Aplicativos > Sistema > Instalador de Snapshot-live**.
3. Seleccionar “**Instalación simple**”.



4. Mostrase un resumo da instalación, e hai que pulsar “**Proceder coa instalación**”







Instalación equipos UEFI

Nos equipos UEFI, a instalación, é un pouco mais laboriosa, pero seguindo os pasos é igualmente sinxela.

1. Accender o computador coa opción de arranque dende USB na primeira opción.
2. Executar a aplicación de instalación do sistema, que se encontra en **Aplicativos > Sistema > Instalador de Snapshot-Live**.
3. Aparecerá unha mensaxe indicando que se atopou unha partición EFI, prememos en continuar.




4. Deixamos marcadas as opcións por defecto





5. Executamos Gparted



6. Podemonos atopar con dúas casuísticas. Que a computadora xa tivese particións feitas ou que non.

7. Se o equipo xa ten particións configuradas, hainas que eliminar

Importante:


Se unha partición está configurada con LVM. Antes de eliminala, é preciso desactivar dita configuración. Facendo clic co botón dereito, e seleccionando “Desactivar”.

No caso de que non deixe desactivala, seguir os pasos indicados ao final da guía.


8. Para eliminar as particións, clic co botón dereito sobre a partición, e seleccionar “Eliminar”.

9. Aplicar cambios

10. Crear as novas particións. Faremos clic co botón dereito do rato, no espazo “sen asignar”. Hai que crear unha partición **EFI** de **512MB** con formato **FAT32**, e outra partición para o sistema que ocupará o resto do espazo dispoñible en disco, con formato **EXT4**.




11. Tras a creación das particións, “Aplicar cambios”, a continuación. Teremos que xestionar as marcas






12. Faremos clic co botón dereito sobre a partición **UEFI** e, “Xestionar Marcas”, seleccionaremos “boot”, marcarase automáticamente tamén “esp”.




13. Pechamos Gparted, e continuamos ca instalación, Sairá unha ventaniña, para seleccionar a partición para instalar o sistema operativo. Seleccionamos a única que aparece e a continuación tipo de sistema de arquivos seleccionamos **EXT4**.





14. Mostrarse o resumo da instalación. Seleccionamos “Proceder coa Instalación”



15.A continuación, saíranos configurar área xeográfica, configurar fuso horario, e configurar locais todos estes elementos pódense deixar por defecto.


16. Comeza proceso de instalación, e non é preciso configurar nada máis ata que remate a instalación.



Pasos a seguir en caso de que non permita desactivar a configuración de LVM:

5. Abrir terminal: “Aplicativos > Accesorios > Terminator”, executar “su -” e introducir o contrasinal. Ver Anexo I para máis información con respecto a usuarios e contrasinais.
6. Executar o seguinte:
 - `vgsremove --force vg_sistema`
 - `pvremove --force /dev/sda5`

Debería mostrar o seguinte:



```
root@abalinux6:/home/usuario# vgsremove --force vg_sistema
Logical volume "lv_swap" successfully removed
Logical volume "lv_root" successfully removed
Logical volume "lv_home" successfully removed
Volume group "vg_sistema" successfully removed
root@abalinux6:/home/usuario# pvremove --force /dev/sda5
Labels on physical volume "/dev/sda5" successfully wiped
```

Unha vez feito isto, xa se pode continuar coa instalación.



XUNTA
DE GALICIA

